

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CERVO,  
CORRESPONDENTE AO DÍA 2 DE FEBREIRO DE 2009 (Nº2/09)

**LUGAR:** Salón de Plenos da Casa do Concello de Cervo

**DATA:** 2 de febreiro de 2009

**HORA DE COMEZO:** 11:01 h

**HORA DE REMATE:** 12:40 h

**SR. ALCALDE – PRESIDENTE**

Don Alfonso Villares Bermúdez.

**ASISTENTES**

Don José Manuel Balseiro Orol, do grupo municipal do PP

Dona Mª Concepción Pilar Armada Carrete, do grupo municipal do PP

Don Antonio Basanta Fernández, do grupo municipal do PP

Dona Mª Consolación Gallego Prieto, do grupo municipal do PP

Dona Yolanda Pedreira Cruz, do grupo municipal do PP.

Dona Lara Méndez López, do grupo municipal do PSOE

Dona Beatriz Vázquez Monroy, do grupo municipal do PSOE

Don José Ramón González Basanta, do grupo municipal do PSOE

Don Baldomero Iglesias Isla, do grupo municipal do PSOE.

**AUSENTE CON EXCUSA**

Don Xoán Antón Estúa García, do grupo municipal do BNG

**SECRETARIA ACCIDENTAL:**

Dona Mª Cristina Abades Martínez

**INTERVENTORA ACCIDENTAL:**

Dona Mª Divina Trasancos Cabaleiro

Tras comprobar que se da o *quórum* legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986 para a válida celebración das sesións plenarias, a Presidencia declara aberta esta sesión e pásase ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA DE 27-11-08 (NÚM. 07/08).**

A presidencia pregunta aos voceiros dos grupos municipais integrantes da Corporación se teñen algunha observación que facer ó borrador da acta da sesión plenaria do día 27 de novembro de 2008 (núm. 07/08).

Tódolos membros da Corporación amosan a súa conformidade co contido desta acta e, xa que logo, queda aprobada por unanimidade dos membros corporativos.

**2.- DESIGNACIÓN DO PRESIDENTE, VOCAIS E OS CORRESPONDENTES SUPLENTE DAS MESAS ELECTORAIS PREVISTAS PARA ESTE TERMO MUNICIPAL, CON MOTIVO DAS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA 2009**

A Secretaria explica que este punto do pleno se celebra en secretaría pola necesidade de dispoñer dun equipo informático e sinala cal é o procedemento mediante o cal se realizará a designación dos presidentes, vocais e suplentes das mesas electorais.

De seguido, sinala que se eliminarán da base de datos as persoas establecidas por lei e sinala a posibilidade de excluír, como viña sendo habitual, o persoal do Concello que o día das eleccións colabora no proceso electoral, entre os que se atopan os servizos policiais, de protección civil, encargado de obras e funcionario colaborador no proceso electoral.

De seguido, realízase o sorteo, no que se obteñen os seguintes resultados:

<b>Cargo</b>	<b>1er. Apellido</b>	<b>2º Apellido</b>	<b>Nombre</b>	<b>Distr</b>	<b>Secc</b>	<b>Mesa</b>	<b>Colegio</b>
Presidente/a	ARIAS	ROMERO	JAVIER	1	001	A	CASA CULTURA
1er. Vocal	BARRO	QUELLE	MANUEL	1	001	A	CASA CULTURA
2º Vocal	FERNANDEZ	PRIETO	J. FRANCISCO	1	001	A	CASA CULTURA
Presidente/a 1er. Supl.	CALVO	VIDAL	MARIA JESUS	1	001	A	CASA CULTURA
Presidente/a 2º Suplente	COCIÑA	MIRAGAYA	JUSTO NICOLAS	1	001	A	CASA CULTURA
1er. Vocal 1er. Suplente	ANIDOS	AINAGA	ROBERTO	1	001	A	CASA CULTURA
1er. Vocal 2º Suplente	BEN	VALLE	ALBA	1	001	A	CASA CULTURA
2º Vocal 1er. Suplente	BLANCO	RODRIGUEZ	DARIO	1	001	A	CASA CULTURA
2º Vocal 2º Suplente	BARRIO	SANCHEZ	M JESUS	1	001	A	CASA CULTURA
Presidente/a	MARTINEZ	FALCON	MILAGROS	1	001	B	CASA CULTURA
1er. Vocal	MARIÑO	FERNANDEZ	CLOTILDE	1	001	B	CASA CULTURA
2º Vocal	GARCIA	QUELLE	MARIA ROSARIO	1	001	B	CASA CULTURA
Presidente/a 1er. Suplente	GOAS	LOPEZ	IAGO	1	001	B	CASA CULTURA
Presidente/a 2º Suplente	GARCIA	DIAZ	NOELIA	1	001	B	CASA CULTURA
1er. Vocal 1er. Suplente	GOMEZ	FERNANDEZ	IVAN	1	001	B	CASA CULTURA
1er. Vocal 2º Suplente	GARCIA	CASABELLA	ERNESTO	1	001	B	CASA CULTURA
2º Vocal 1er. Suplente	MASEDA	MEITIN	ALEJANDRO	1	001	B	CASA CULTURA
2º Vocal 2º Suplente	LOPEZ	REY	JOSE	1	001	B	CASA CULTURA
Presidente/a	RODRIGUEZ	MARTINEZ	J. RAMON ELIS.	1	001	C	CASA CULTURA
1er. Vocal	RIO	PICO	MARIA ROCIO	1	001	C	CASA CULTURA
2º Vocal	VIZOSO	VILLARES	JOSE LAUREANO	1	001	C	CASA CULTURA
Presidente/a 1er. Suplente	SEGADE	BUDIÑO	PILAR	1	001	C	CASA CULTURA
Presidente/a 2º Suplente	VILA	CHANTRES	JOSE MANUEL	1	001	C	CASA CULTURA
1er. Vocal 1er.	ROSAL	NAREDO	MARIA AURORA	1	001	C	CASA CULTURA

Suplente						
1er. Vocal 2º Suplente	SUAREZ	LOPEZ	ANDREA	1 001	C	CASA CULTURA
2º Vocal 1er. Suplente	REGO	VARELA	ANTONIA	1 001	C	CASA CULTURA
2º Vocal 2º Suplente	RODRIGUEZ	BERNARDO DE	ALBERTE	1 001	C	CASA CULTURA
Presidente/a	GONZALEZ	FERNANDEZ	TANIA	1 002	A	CEIP GALDIN
1er. Vocal	PERNAS	PRIETO	JOSE ANTONIO	1 002	A	CEIP GALDIN
2º Vocal	PRIETO	REY	MARIA DOLORES	1 002	A	CEIP GALDIN
Presidente/a 1er. Suplente	VILLARINO	VAL	Mª DEL CARMEN	1 002	A	CEIP GALDIN
Presidente/a 2º Suplente	CASAS	VILA	SANDRA	1 002	A	CEIP GALDIN
1er. Vocal 1er. Suplente	CARBALLEIRA	CENDAN	M ROCIO	1 002	A	CEIP GALDIN
1er. Vocal 2º Suplente	DA PRATO	POLLITT	CLIFFORD PAUL	1 002	A	CEIP GALDIN
2º Vocal 1er. Suplente	LOPEZ	LAMELAS	FCO. JOSE	1 002	A	CEIP GALDIN
2º Vocal 2º Suplente	RODRIGUEZ	RAMIL	URBANA	1 002	A	CEIP GALDIN
Presidente/a	ROUCO	SARMIENTO	MARIA DOLORES	1 002	B	C. DEP.MUN.LIEIRO
1er. Vocal	GOMEZ	RODRIGUEZ	MARIA SOLEDAD	1 002	B	C. DEP.MUN.LIEIRO
2º Vocal	BLANCO	OVIDE	MARTA MARIA	1 002	B	C. DEP.MUN.LIEIRO
Presidente/a 1er. Suplente	OROSA	GOMEZ	CARMEN	1 002	B	C. DEP.MUN.LIEIRO
Presidente/a 2º Suplente	GARCIA	RODRIGUEZ	ELENA	1 002	B	C. DEP.MUN.LIEIRO
1er. Vocal 1er. Suplente	VILLARES	BERMUDEZ	MARIA JOSE	1 002	B	C. DEP.MUN.LIEIRO
1er. Vocal 2º Suplente	ROUCO	SARMIENTO	IGNACIO MANUEL	1 002	B	C. DEP.MUN.LIEIRO
2º Vocal 1er. Suplente	SALGUEIRO	VAZQUEZ	Mª ANGELES	1 002	B	C. DEP.MUN.LIEIRO
2º Vocal 2º Suplente	PITA	LOPEZ	GUILLERMINA	1 002	B	C. DEP.MUN.LIEIRO
Presidente/a	GARCIA	NIÑEZ	DANIEL	2 001	A	CEIP CERVO
1er. Vocal	DEJESUS	CONCEICAO	AUGUSTA	2 001	A	CEIP CERVO
2º Vocal	BARCIA	BOUZAS	JUAN CARLOS	2 001	A	CEIP CERVO
Presidente/a 1er. Supl.	IGLESIAS	LOPEZ	Mª ANGELES	2 001	A	CEIP CERVO
Presidente/a 2º Supl.	BALSEIRO	PITA	Mª INMACULADA	2 001	A	CEIP CERVO
1er. Vocal 1er. Supl.	CORTIÑAS	OTERO	ALEJANDRO	2 001	A	CEIP CERVO
1er. Vocal 2º Supl.	FERREIRO	SANMIGUEL	BEGOÑA MARIA	2 001	A	CEIP CERVO
2º Vocal 1er. Supl.	ENRIQUEZ	ECHEVARRIA	OVIDIO	2 001	A	CEIP CERVO
2º Vocal 2º Supl.	BEN	GONZALEZ	AURORA	2 001	A	CEIP CERVO
Presidente/a	ROMERO	MARTINEZ	RAUL	2 001	B	CEIP CERVO
1er. Vocal	PEREZ	PERNAS	JOAQUIN	2 001	B	CEIP CERVO
2º Vocal	VAZQUEZ	GOMEZ	JOSE MANUEL	2 001	B	CEIP CERVO
Presidente/a 1er. Supl.	RODRIGUEZ	SEOANE	JOSE MANUEL	2 001	B	CEIP CERVO

Presidente/a 2º Supl.	SANCHEZ	VILLARES	JOSE	2 001	B	CEIP CERVO
1er. Vocal 1er. Supl.	LOPEZ	GASALLA	DULCE MARIA	2 001	B	CEIP CERVO
1er. Vocal 2º Supl.	LOPEZ	BASANTA	JAIME	2 001	B	CEIP CERVO
2º Vocal 1er. Supl.	VARELA	RODRIGUEZ	TANIA	2 001	B	CEIP CERVO
2º Vocal 2º Supl.	PAZ	FUENTE DE	ROCIO	2 001	B	CEIP CERVO
Presidente/a	DIAZ	PEREZ	JULIO	2 001	C	CLUB SOC RIO
1er. Vocal	AGUILAR	HERAS	JOSE JAVIER	2 001	C	CLUB SOC RIO
2º Vocal	ABAD	RODRIGUEZ	M LINA	2 001	C	CLUB SOC RIO
Presidente/a 1er. Supl.	LIZ	OROSA	ANA ROSA	2 001	C	CLUB SOC RIO
Presidente/a 2º Supl.	MAGAN	IGLESIAS	IGNACIO JOSE	2 001	C	CLUB SOC RIO
1er. Vocal 1er. Supl.	SANCHEZ	BERMEJO	RAFAEL	2 001	C	CLUB SOC RIO
1er. Vocal 2º Supl.	AREAN	PORTO	EVA ESPERANZA	2 001	C	CLUB SOC RIO
2º Vocal 1er. Supl.	MUÑOZ	SERRANO	ANA MARIA	2 001	C	CLUB SOC RIO
2º Vocal 2º Supl.	CAMPO DEL	GONZALEZ	ELIAS	2 001	C	CLUB SOC RIO
Presidente/a	CAMPO	NUÑEZ	DIONISIO	2 002	A	ESC. CASTELO
1er. Vocal	FERNANDEZ	ARNAU	JUAN ANTONIO	2 002	A	ESC. CASTELO
2º Vocal	CASTRO	BALTAR	CLAUDIA	2 002	A	ESC. CASTELO
Presidente/a 1er. Supl.	REY	VAZQUEZ	MARIA JOSEFA	2 002	A	ESC. CASTELO
Presidente/a 2º Supl.	PININ	LOPEZ	FRANCISCO	2 002	A	ESC. CASTELO
1er. Vocal 1er. Supl.	BALSEIRO	LOPEZ	JESUS MANUEL	2 002	A	ESC. CASTELO
1er. Vocal 2º Supl.	FERNANDEZ	LAMELAS	ANTONIO	2 002	A	ESC. CASTELO
2º Vocal 1er. Supl.	LAMELAS	RODRIGUEZ	ALEJANDRA	2 002	A	ESC. CASTELO
2º Vocal 2º Supl.	RUBIÑOS	LOPEZ	EMILIO JOSE	2 002	A	ESC. CASTELO
Presidente/a	BALTAR	GARCIA	ANA	2 002	B	ESC. DE RUA
1er. Vocal	GARCIA	EIJO	ANA BELEN	2 002	B	ESC. DE RUA
2º Vocal	LOPEZ	BASANTA	JOSE MANUEL	2 002	B	ESC. DE RUA
Presidente/a 1er. Supl.	PAMPIN	FERNANDEZ	MARIA ROSA	2 002	B	ESC. DE RUA
Presidente/a 2º Supl.	PEDREIRA	GONZALEZ	OLGA	2 002	B	ESC. DE RUA
1er. Vocal 1er. Supl.	NOGUERA	TUGORES	AINA	2 002	B	ESC. DE RUA
1er. Vocal 2º Supl.	RODRIGUEZ	LOZANO	MARIFLOR	2 002	B	ESC. DE RUA
2º Vocal 1er. Supl.	SALGUEIRO	RUBAL	PAULA	2 002	B	ESC. DE RUA
2º Vocal 2º Supl.	PAZ	FRAGA	MANUEL	2 002	B	ESC. DE RUA
Presidente/a	FRAGA	PEDREIRA	MARIA TRINIDAD	2 002	C	ESC. S. ROMAN
1er. Vocal	PERNAS	OTERO	SALOME	2 002	C	ESC. S. ROMAN
2º Vocal	DIEZ	FERNANDEZ	EDUARDO	2 002	C	ESC. S. ROMAN
Presidente/a 1er. Suplente	MASEDA	SALGUEIRO	NICOLAS	2 002	C	ESC. S. ROMAN
Presidente/a 2º Supl.	SANZ	SOLER	CARLOS	2 002	C	ESC. S. ROMAN
1er. Vocal 1er. Supl.	QUELLE	CORDIDO	ROCIO	2 002	C	ESC. S. ROMAN
1er. Vocal 2º Supl.	FRAGA	PALEO	JUAN JOSE	2 002	C	ESC. S. ROMAN
2º Vocal 1er. Supl.	ECHEVARRIA	CABARCOS	GENEROSO	2 002	C	ESC. S. ROMAN
2º Vocal 2º Supl.	GONZALEZ	RIO	MARIA LUZ	2 002	C	ESC. S. ROMAN

### **3.- REDE DE SANEAMENTO EN CUIÑA E SAN CIBRAO (CERVO – LUGO), ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN**

Por orde da Presidencia a secretaria accidental deu conta do contido do expediente:

- Oficio da Empresa Pública de Obras e Servicios Hidráulicos solicitando documentación para a tramitación do expediente de rede de saneamento en Cuiña e San Cibrao así como o propio proxecto da obra.

- Proposta de Alcaldía do seguinte teor literal:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA.

DON ALFONSO VILLARES BERMÚDEZ, ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CERVO LUGO, di;

Que por este Equipo de Goberno Municipal leváronse a diante xestións coa Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, para realizaras obras da “REDE DE SANEAMENTO EN CUIÑA E SAN CIBRAO, CERVO (LUGO)”, segundo proxecto redactado cun orzamento total de 4.515.889,45 €.

Co fin de tramitar o expediente para proceder á contratación e execución das obras, e de acordo co Decreto 84/1997, do 10 de abril, sobre colaboración técnica e financeira da Administración Hidráulica de Galicia coas entidades locais en materia de abastecemento e saneamento de augas, é polo que propón á Corporación Pleno que adopte ó seguinte ACORDO:

1º.- Aprobación do proxecto.

2º.- Solicitar, ó Organismo Autónomo Augas de Galicia, o financiamento do 100% do custo das obras.

3º.- Comprometerse á entrega dos terreos e auga necesarios para a execución das obras, así como tódalas autorizacións administrativas necesarias para a realización destas.

4º.- Renuncia expresa á retención de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local con motivo das obras.

5º.- Que se expoña ó público o proxecto durante 20 días hábiles.

6º.- Compromiso de asumir a explotación, mantemento e conservación das obras, e de efectuar os traballos ordenados pola inspección facultativa despois da súa execución.

7º.- Compromiso de actualización das tarifas pola prestación do servizo na medida axeitada ó custo das obras que se realizan, e a súa explotación e amortización.

8º.- Facultar ó Sr. Alcalde – Presidente para solicitar o financiamento.

Cervo, 26 de xaneiro de 2009. O Alcalde, Asdo: Alfonso Villares Bermúdez””

- Dictame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno do pasado día 29 de xaneiro de 2009:

“**DICTAME:**

PP: favorable

PSOE:abstención, pronunciarase no Pleno

BNG: abstención, pronunciarase no Pleno

Xa que logo, queda dictaminado favorablemente, sistema voto ponderado, o proxecto de rede de saneamento en Cuíña e San Cibrao.”

O Sr. alcalde – presidente, don Alfonso Villares Bermúdez, dálle a palabra á voceira do grupo municipal Socialista, dona Lara Méndez López, dando así comezo ó debate deste punto da orde do día.

A concelleira di que esta obra vai redundar no beneficio de tódolos cervenses e que se trata dunha obra moi importante e necesaria para o Concello, que se levaron adiante xestións nas que participou o seu grupo municipal, que se felicita por telo conseguido polo que non ten máis nada que dicir

A continuación a Presidencia dálle a palabra ó voceiro do Partido Popular, don Antonio Basanta Fernández que na mesma liña, afirma que se trata dun acordo dos máis importantes en canto ás infraestructuras do Concello. Di que non se trata só da instalación das redes principais senón que se está a falar da instalación dunha EDAR para case a totalidade da conca baixa do Río Covo incluído a zona de Espiñerido, Vila de Suso, Cuíña e Rueta, o Polígono Industrial e tamén Lieiro, Gondrás, A Venta, Río Covo e todo o núcleo de San Cibrao.

Agradece as xestións do grupo socialista porque as súas xestións deberon ser positivas porque anteriormente acumulou un atraso que non se entende.

Remata dicindo que sexa como sexa, é benvido e que conta co voto favorable do seu grupo.

Don Alfonso Villares volve a darlle a palabra a dona Lara Méndez que lembra que o atraso foi producido porque non se tiña a disposición dos terreos e porque se pretendía poñer noutro lugar distinto a onde se vai instalar agora.

Continúa afirmando a importancia que ten este proxecto para o Concello e que vai ser moi positivo.

Neste intre, cando son as 11:16 horas, auséntase don José Manuel Balseiro do Salón de Plenos e retorna ás 11:18 horas.

Continúa o debate cando o Sr. alcalde lle concede o uso da palabra a don Antonio Basanta Fernández.

O concelleiro popular asegura que a xestión sobre a disposición do terreos non era competencia deste Concello, que por parte da Dirección Provincial de Costas non foron todo o áxiles que deberían ser e que agora agarda que este Concello conte ó fin cunha EDAR.

Afirma que nestes momentos urxe máis facelo porque se está incumprindo coa normativa en calidade das augas e trátase dunha necesidade de cumprimento da Administración Autonómica.

Toma a palabra don Alfonso Villares, alcalde – presidente dicindo que desde a Alcaldía tomouse moi en serio este tema desde o principio e que loitou para que o contrato de fai tres anos non se rescindise xa que tiña un orzamento de mais de 6 millóns de euros e o que é moi importante, o mantemento durante vinte anos, das instalacións, co conseguinte abaratamento dos custes para os veciños

Asegura que desde a Alcaldía se intentou non rescindir ese contrato e que posteriormente houbo un cambio na situación da EDAR proposto pola Alcaldía .

Recorda tamén que se aproba o proxecto porque o director de Augas quere licitalo antes de marzo pero que igualmente se comprometeu a aprobar o de Cervo antes do mes de maio deste ano.

Afirma ter dúbidas sobre o orixe das presións para que agora fose para adiante este proxecto pero que o que está claro é que se trata dun proxecto moi importante para tódolos veciños de Cervo, pero o que rescindiu a Consellería anteriormente era moito mais favorable para os nosos veciños.

Remata a súa intervención felicitándoos a todos.

Unha vez finalizado o debate, o Sr. alcalde - presidente, somete a votación o acordo sobre a aprobación do proxecto de rede de saneamento en Cuíña e San Cibrao, obténdose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 10: 6 do PP: don Alfonso Villares Bermúdez,, don José Manuel Balseiro Orol, don Antonio Basanta Fernández, dona María Concepción Pilar Armada Carrete, dona María Consolación Gallego Prieto e dona Yolanda Pedreira Cruz e 4 do PSOE: dona Lara Méndez López, dona Beatriz Vázquez Monroy, don José Ramón González Basanta e don Baldomero Iglesias Isla.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Ningunha.

Polo tanto, queda aprobado, por unanimidade dos membros presentes que compoñen a Corporación, o seguinte acordo:

1º.- Aprobación do proxecto.

2º.- Solicitar, ó Organismo Autónomo Augas de Galicia, o financiamento do 100% do custo das obras.

3º.- Comprometerse á entrega dos terreos e auga necesarios para a execución das obras, así como tódalas autorizacións administrativas necesarias para a realización destas.

4º.- Renuncia expresa á retención de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local con motivo das obras.

5º.- Que se expoña ó público o proxecto durante 20 días hábiles.

6º.- compromiso de asumir a explotación, mantemento e conservación das obras, e de efectuar os traballos ordenados pola inspección facultativa despois da súa execución.

7º.- Compromiso de actualización das tarifas pola prestación do servizo na medida axeitada ó custo das obras que se realizan, e a súa explotación e amortización.

8º.- Facultar ó Sr. Alcalde – Presidente para solicitar o financiamento.

#### **4.- CESIÓN Á CONSELLERÍA DE SANIDADE DO CENTRO DE SAÚDE DE CERVO. ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN**

De orde da Presidencia, a secretaria accidental deu conta do contido do expediente:

- Informe de Secretaría.
- Informe de Intervención
- Informe do técnico municipal.
- Proposta de Alcaldía do seguinte teor literal:

#### **‘PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Visto o acordado na xuntanza da Comisión Mixta entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e a Consellería de Sanidade para o desenvolvemento

do Pacto Local no que se acordou que a asunción dos gastos dos centros de saúde correría a cargo da Consellería de Sanidade a partires do 1 de xaneiro de 2009.

Visto que na documentación enviada pola Fegamp non figuraba o centro de saúde de Cervo, fíxose unha consulta, que foi contestada no senso de incluír a este centro no grupo 1, e dicir, centros de saúde de titularidade municipal que poden ser obxecto de traspaso ao Servicio Galego de Saúde e sobre os que este organismo asumirá os gastos de funcionamento de forma directa.

Vistos os informes que figuran no expediente.

Visto canto antecede esta Alcaldía propón ó Pleno da Corporación o seguinte

### ACORDO

**PRIMEIRO.-** Ceder gratuitamente á Consellería de Sanidade- Servicio Galego de Saúde o Centro de Saúde de Cervo (hoxe denominado Centro de Atención Continuada), sito en rúa Xosé María Cao no núcleo de Cervo cualificado como ben patrimonial, previa tramitación dos requisitos legais pertinentes.

**SEGUNDO.-** Advertir que o terreo cedido debe ser destinado a fins sanitarios. Se deixasen de selo posteriormente considerárase resolta a cesión e revertirán os ditos bens a esta Corporación Local.

**TERCEIRO.-** O Concello comprométese a regular nas ordenanzas fiscais a exención a favor dos centros sanitarios do pagamento do IBI.

**CUARTO.-** Someter a información pública o referido acordo a efectos de reclamacións. De non producirse estas o acordo elevarase a definitivo.

**QUINTO.-** Dar conta da cesión ó órgano competente da Comunidade Autónoma ós efectos oportunos.

**SEXTO.-** Facultar o Sr. Alcalde- Presidente para que en nome e representación do Concello de Cervo subscriba a escritura pública de cesión.

E canto teño a ben propoñer ó Pleno da Corporación, non obstante este acordará o que estime pertinente.

Cervo, 26 de xaneiro de 2009. O Alcalde- Presidente, Asdo: Alfonso Villares Bermúdez.”

- Dictame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno do pasado día 29 de xaneiro de 2009:

**“DICTAME:**

PP: favorable

PSOE:abstención, pronunciarase no Pleno

BNG: abstención, pronunciarase no Pleno

Xa que logo, queda dictaminado favorablemente, sistema de voto ponderado, a cesión á Consellería de Sanidade do Centro de Saúde de Cervo.”

O Sr. alcalde – presidente, don Alfonso Villares Bermúdez, dálle a palabra á voceira dos grupos municipal socialista, dona Lara Méndez López, dando así comezo ó debate deste punto da orde do día.



A concelleira comeza a primeira intervención dicindo que se está ante outro feito positivo e moi importante para os veciños do Concello e tamén para influír no descenso dos gastos do Concello porque desaparecen os que gastaba no mantemento do Centro de Saúde e pódense destinar a outras cousas.

Don Alfonso Villares concédelle a quenda a don Antonio Basanta Fernández.

Este concelleiro afirma que está de acordo con boa parte do exposto por dona Lara Méndez sobre todo polo beneficio económico para o Concello de Cervo.

Di tamén que se trata de clarificar as competencias que non estaban de todo claras e manifesta o seu agradecemento á Consellería de Sanidade e á FEGAMP pola súa xestión para que esas competencias pasasen ás Comunidades Autónomas.

Asegura que está agardando a que na vindeira lexislatura da Xunta de Galicia o Partido Popular dea un paso adiante para o pacto local e para que as entidades locais teñan un marco competencial financeiro totalmente claro para a prestación dos servizos que teñen encomendadas.

Neste intre cando son as 11:25 horas auséntase do Salón de Plenos o concelleiro do PSG-PSOE, don Ramón González Basanta que regresa ás 11:30 horas.

Continúa o Sr. Basanta coa súa exposición dicindo que se congratula da mellora da Consellería de Sanidade aínda que si se teñen cinco está moi ben pero si se poden acadar 25 sería moito mellor e acusa ó Partido Socialista de non ser consecuentes porque nos dous últimos anos votaron en contra da creación e construción dun Centro de Saúde en Cervo ademais de dicir que se remite a feitos probados.

Dilles os concelleiros do Partido Socialista que se vanaglorian dunha cousa cando se pode ir máis aló e clasifica a actitude dunha das concelleiras de frívola e sinala que ó mellor, cunha contía superior, se podería ter o verdadeiro servizo que tiña que ter o Concello.

Remata a súa intervención agradecéndolle novamente a súa disposición á Consellería de Sanidade.

De seguido a Presidencia concédelle a segunda quenda a dona Lara Méndez que comeza afirmando que sempre teñen que escoitar cómo se colgan medallas e que tiveron dezaseis anos nos que estiveron gobernando a Xunta para poñerse medallas e non fixeron nin as melloras nin o Centro de Saúde de Cervo.

Afirma que a Consellería de Traballo desta lexislatura que remata foi a que fixo as melloras no Centro de Cervo.

Felicita á FEGAMP e lembra que o acordo asinouuse a finais do ano 2008 cando o Partido Popular tivo anos para facelo e para darlle maior financiamento á Administración Local.

Remata felicitando á Consellería de Sanidade polas obras que se fixeron e que eran tan necesarias para os veciños do Concello de Cervo.

Na segunda quenda a Alcaldía deulle a palabra a don Antonio Basanta Fernández, voceiro do Partido Popular.

O concelleiro di que nos anos en que gobernaron fixeron o que fixeron e acusa ós concelleiros do Partido Socialista sofren unha amnesia temporal porque no seu grupo había xente que quería un Centro de Saúde e o pedía desde dentro.

Afirma que o que dixo a concelleira socialista de que en dezaseis anos non se investiu nin un só euro neste Concello é falso, rotundamente falso e senón que lle pregunten ós veciños de Cervo polo funcionamento da atención primaria entre os anos 2005 e 2009 a ver o que lles din.

Di que é benvido este acordo e critica o feito de asinalo á présa ó final dos catro anos de lexislatura.

Toma a palabra o Sr. alcalde, don Alfonso Villares para lembrar que no Pacto Local tamén ían incluídas a luz, a calefacción e a limpeza dos centros escolares e que se está incumprindo e acaba dicindo que o acordo é beneficioso para tódolos veciños.

Unha vez finalizado o debate, o Sr. alcalde - presidente, somete a votación o acordo sobre a cesión á Consellería de Sanidade do Centro de Saúde de Cervo, obténdose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 10: 6 do PP: don Alfonso Villares Bermúdez,, don José Manuel Balseiro Orol, don Antonio Basanta Fernández, dona María Concepción Pilar Armada Carrete, dona María Consolación Gallego Prieto e dona Yolanda Pedreira Cruz e 4 do PSOE: dona Lara Méndez López, dona Beatriz Vázquez Monroy, don José Ramón González Basanta e don Baldomero Iglesias Isla.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Ningunha.

Polo tanto, queda aprobado, por unanimidade dos membros presentes que compoñen a Corporación, o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Ceder gratuitamente á Consellería de Sanidade- Servicio Galego de Saúde o Centro de Saúde de Cervo (hoxe denominado Centro de Atención Continuada), sito en rúa Xosé María Cao no núcleo de Cervo cualificado como ben patrimonial, previa tramitación dos requisitos legais pertinentes.

**SEGUNDO.-** Advertir que o terreo cedido debe ser destinado a fins sanitarios. Se deixasen de selo posteriormente considerárase resolta a cesión e revertirán os ditos bens a esta Corporación Local.

**TERCEIRO.-** O Concello comprométese a regular nas ordenanzas fiscais a exención a favor dos centros sanitarios do pagamento do IBI.

**CUARTO.-** Someter a información pública o referido acordo a efectos de reclamacións. De non producirse estas o acordo elevarase a definitivo.

**QUINTO.-** Dar conta da cesión ó órgano competente da Comunidade Autónoma ós efectos oportunos.

**SEXTO.-** Facultar o Sr. Alcalde- Presidente para que en nome e representación do Concello de Cervo subscriba a escritura pública de cesión.

## **5.-PROPOSTA DE ALCALDÍA EN APOIO DA REFORMA DO SISTEMA DE VOTO DOS RESIDENTES AUSENTES**

A secretaria accidental deu conta do contido do expediente:

- Proposta de Alcaldía do seguinte teor literal:

“Don **ALFONSO VILLARES BERMÚDEZ**, Alcalde Presidente do Concello de Cervo (Lugo) EXPÓN:

Visto que a Constitución Española, no seu artigo 23, outorga o dereito de sufraxio a todos os cidadáns.

Visto que o artigo 14 de devandito texto constitucional garante a igualdade de todos os españois no exercicio dos seus dereitos.

Considerando que todo iso supón que, dunha ou outra forma, os poderes públicos deben articular algún mecanismo que permita aos españois residentes no exterior exercer o dereito de sufraxio con todas as garantías.

Visto que a Lei Orgánica 40/2006, de 14 de decembro, do Estatuto da Cidadanía Española no Exterior, que versa sobre o dereito dos españois residentes no exterior a ser elector e elixible nas mesmas condiciónes que a cidadanía residente no Estado español, proclama no seu artigo 5 o seguinte:

*1. Os españois que residen no exterior teñen dereito a ser electores e elixibles, en todos e cada un dos comicios, nas mesmas condiciónes que a cidadanía residente no Estado español, nos termos previstos na normativa de aplicación.*

*5. Para facilitar o exercicio do dereito de voto dos españois residentes no exterior, promoveranse as medidas legais tendentes a homoxeneizar os procedementos electorais para a cidadanía española no exterior e habilitaranse os medios materiais, técnicos e humanos precisos que posibiliten a votación en urna ou a través doutro medio técnico que garanta o segredo do voto e a identidade do votante, en eleccións xerais, europeas e autonómicas, nas demarcacións \*consulares, tendo en conta as características dos países de residencia e o número e distribución de españois residentes no país de que se trate.*

Tendo en conta que nestes intres a regulación da normativa electoral respecto deste aspecto resulta insatisfactoria, tanto desde o punto de vista da seguridade xurídica como do das garantías democráticas que aseguran que o voto sexa universal, libre, igual, directo e secreto.

Visto que existen múltiples iniciativas, nas diversas institucións, entre as que destacamos unha Proposición de Lei Orgánica, promovida no Congreso dos Deputados polo Partido Popular a través da que se insta á modificación da Lei de Réxime Electoral Xeneral para adecuar as especificidades do dereito ao voto dos españois residentes no exterior coa garantía democrática que representa o sistema de voto en urna.

Visto que o novo procedemento estaría apoiado na administración consular, así como centraría a súa efectividade no exercicio do voto por correo con todas as garantías, na regulación das campañas electorais e na previsión de depuración do censo de electoras e electores residentes no exterior.

Considerando a importancia da cuestión á que nos estamos a referir, e polo que, elevo á Sesión Plenaria do Concello de Cervo a seguinte

## **PROPOSTA DE ACORDO**

PRIMEIRO.- O Concello de Cervo insta aos Grupos Parlamentarios das Cortes Xerais para que, con carácter de urxencia, aproben a Proposición de Lei Orgánica de modificación da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xullo, do Réxime Electoral Xeneral, presentada polo Grupo Parlamentario Popular, para posibilitar a homoxeneización do procedemento de voto das persoas residentes no exterior co resto da cidadanía, nos termos que se expresan na mesma.

SEGUNDO.- Instar ao Goberno central, a administración competente nesta materia, para que proceda a tomar cantas medidas sexan necesarias para que, unha vez aprobada a reforma da Lei, se de cumprimento con carácter de urxencia ao contido da referida reforma da Lei Orgánica Electoral Xeneral.

TERCEIRO.- Dar traslado destes acordos aos Portavoces Parlamentarios na Subcomisión sobre as posibles modificacións do Réxime Electoral (Comisión Constitucional) do Congreso dos Deputados., así como ao resto dos Grupos con representación parlamentaria na Cámara autonómica.

En Cervo, a 2 de decembro de 2008. O Alcalde Asdo.: Alfonso Villares Bermúdez”

- Dictame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno do pasado día 29 de xaneiro de 2009:

**“DICTAME:**

PP: favorable

PSOE:abstención, pronunciarase no Pleno

BNG: abstención, pronunciarase no Pleno

Xa que logo, queda dictaminado favorablemente, sistema voto ponderado, a proposta de Alcaldía en apoio da reforma do sistema de voto dos residentes ausentes.”

O Sr. alcalde – presidente, don Alfonso Villares Bermúdez, dálle a palabra ós distintos voceiros dos grupos municipais, dando así comezo ó debate deste punto da orde do día.

Comeza dona Lara Méndez López, voceira do Partido Socialista, felicitando ó equipo de goberno por presentar este punto da orde do día como unha proposta e non como unha moción. Anuncia o seu voto en contra porque cualifica a proposta como oportunista debido a que, segundo as súas declaracións, xa está pechada a súa tramitación no Parlamento de Galicia e xa hai creada unha subcomisión.

Remata a súa intervención dicindo que é unha realidade que durante o tempo que o Partido Popular gobernou no Estado e na Xunta de Galicia non fixo nada por cambiar o sistema de votos dos emigrantes e agora aproveita estas datas para presentar esta moción.

Neste intre, cando son as 11:30 horas, auséntase do Salón de Plenos o concelleiro do Partido Popular, don Antonio Basanta Fernández.

Seguidamente a Presidencia cédelle a palabra ó voceiro do Partido Popular, don José Manuel Balseiro Orol.

Este concelleiro di que a Xunta de Galicia non ten competencias para reformar a Lei e que o Partido Socialista votou en contra da súa reforma no Congreso dos Deputados porque o Partido Socialista ten unha cara en Galicia e outra distinta no resto de España.

Afirma que o Partido Socialista puido reformar a Lei nos últimos catro anos que leva gobernando e fai a pregunta de se están de acordo ou non en identificar ós emigrantes co DNI ou co pasaporte ó igual que se fai en España. Pregúntalles tamén se se cambiaban os votos ou non porque de non ser así, di que non debería haber ningún problema.

Neste momento son as 11: 38 horas e incorpórase á sesión Plenaria o concelleiro do Partido Popular, don Antonio Basanta Fernández.

Continúa o voceiro do PP, Sr. Balseiro coa súa intervención dicíndolle á concelleira do Partido Socialista que ela ten a obriga de saber que o Concello non insta ós concelleiros senón que o Pleno do Parlamento de Galicia insta a outras Administracións.

Tamén lle recorda que as mocións forman parte da orde do día e que son válidas igual que outros acordos calquera.

Segue dicindo que non se vai estender mais porque na exposición de motivos da proposta xa se xustificada suficientemente este acordo, sobre todo no sinalado na Lei Orgánica 40/2006 e deu lectura dun fragmento dun dos artigos de dita Lei: “... habilitaranse os medios materiais, técnicos e humanos precisos que posibiliten a votación en urna ou a través doutro medio técnico que garanta o segredo do voto e a identidade do votante, ....”

Remata repetindo a pregunta sobre se están de acordo con iso ou non porque a proposta vai nese sentido e así o dixo por dúas veces a Xunta Electoral. De estaren de acordo con isto, deberían votar a favor desta proposta.

Don Alfonso Villares concédelle a palabra a dona Lara Méndez.

A voceira socialista di que o Sr. Balseiro xógase moito nestas eleccións e que en ningún momento dixo que non se presentaran mocións; di que todo o contrario porque se algo fan nos Plenos do Concello de Cervo é debater mocións pero que o que si lle achaca é que presente mocións fóra de tempo e oportunistas.

Afirma que durante os oito anos que gobernaron no goberno central puideron instalar para que cambiara a Lei pero que non lles interesaba.

Asegura que o Partido Socialista estivo sempre a favor de facer unha reforma desta Lei e que se alguén tivo compromisos cos galegos do exterior foi o partido socialista.

De seguido fai un relato das melloras que fixo o Partido Socialista respecto ós emigrantes.

Di que respecto á proposta están de acordo na forma e no contido pero que non poden votar a favor porque xa se están levando a cabo trámites e lles parece que a súa presentación agora é oportunista.

O Sr. alcalde – presidente deulle a quenda para intervir a don José Manuel Balseiro Orol.

A súa segunda intervención comeza dicindo que lles reconece o compromiso cos galegos no exterior, que si o tiveron. Tanto que mandaron axentes electorais ó exterior, con tódolos gastos pagados para facer campaña, concretamente para o alcalde de Muxía, do Partido Socialista e que foron pagados polo Sr. Ricardo Varela.

O Sr. Balseiro afirma que o seu partido estivo sempre a favor da transparencia e que ó Partido Socialista lle molesta que os emigrantes voten coa fotocopia do DNI ou do pasaporte e non só diante dunha urna. Di que se é así é porque antes cambiaban os votos.

Continúa dicindo que con esta proposta pide o que di a Lei e que o que hai que facer é aplicala.

Afirma que o Partido Socialista di que puxo en marcha a Lei de Dependencia e que sería no exterior porque en Galicia aínda non funciona xa que soamente cobra o 1% na Mariña Lucense e no resto de Galicia igual.

Segue falando da tarxeta sanitaria que é o primeiro punto da proposta electoral do Partido Popular. Asegura que nos primeiros cen días do seu goberno lles van mandar ós emigrantes a tarxeta sanitaria para que teñan asistencia.

Acaba coa súa intervención dicindo que estivo na Arxentina e que soamente teñen que preguntarlles ós emigrantes o que fixo por eles o Partido Popular.

Toma a palabra o Sr. alcalde, don Alfonso Villares e di que o sentido da proposta era para que o voto fose mais limpo, claro e democrático; en definitiva para democratizar máis o voto dos residentes ausentes.

Unha vez finalizado o debate, o Sr. alcalde - presidente, somete a votación o acordo sobre a proposta de Alcaldía en apoio da reforma do sistema de voto dos residentes ausentes, obténdose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 6 do PP: don Alfonso Villares Bermúdez,, don José Manuel Balseiro Orol, don Antonio Basanta Fernández, dona María Concepción Pilar Armada Carrete, dona María Consolación Gallego Prieto e dona Yolanda Pedreira Cruz.

VOTOS EN CONTRA: 4 do PSOE: dona Lara Méndez López, dona Beatriz Vázquez Monroy, don José Ramón González Basanta e don Baldomero Iglesias Isla.

ABSTENCIÓNS: Ningunha.

Polo tanto, queda aprobado, pola maioría absoluta dos membros presentes que compoñen a Corporación, o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- O Concello de Cervo insta aos Grupos Parlamentarios das Cortes Xerais para que, con carácter de urxencia, aproben a Proposición de Lei Orgánica de modificación da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xullo, do Réxime Electoral Xeneral, presentada polo Grupo Parlamentario Popular, para posibilitar a homoxeneización do procedemento de voto das persoas residentes no exterior co resto da cidadanía, nos termos que se expresan na mesma.

SEGUNDO.- Instar ao Goberno central, a administración competente nesta materia, para que proceda a tomar cantas medidas sexan necesarias para que, unha vez aprobada a reforma da Lei, se de cumprimento con carácter de urxencia ao contido da referida reforma da Lei Orgánica Electoral Xeneral.

TERCEIRO.- Dar traslado destes acordos aos Portavoces Parlamentarios na Subcomisión sobre as posibles modificacións do Réxime Electoral (Comisión Constitucional) do Congreso dos Deputados., así como ao resto dos Grupos con representación parlamentaria na Cámara autonómica.

## **6.- ACORDO, SE PROCEDE, A PARTIRES DUNHA MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR, SOBRE A REVISIÓN DA POLÍTICA AGRACIA COMÚN - PAC-**

Por orde da Presidencia, don José Manuel Balseiro Orol, voceiro do grupo municipal do Partido popular, deu lectura á moción do seguinte teor literal:

**“O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR** no Concello de Cervo a través do seu concelleiro JOSE MANUEL BALSEIRO OROL en base á lexislación vixente, presenta a seguinte

Que se fundamenta na seguinte

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O recoñecemento médico da Política Agraria Común (PAC) é unha proposta presentada en maio pola Comisión Europea, para revisar a orientación da política agraria comunitaria cuxa prioridade xa non é a xestión de excedentes agrarios senón asegurar a subministración alimentaria.

Faise necesario pois corrixir os excesivos incentivos ao abandono da actividade agraria que provocaron unha situación de escaseza de alimentos que se estende a nivel mundial e que lle confire ao sector agroalimentario un alto valor estratéxico.

Ante o recoñecemento médico presentado pola Comisión Europea, o Congreso dos Deputados aprobou o pasado mes de xuño, a proposta do Presidente do Grupo Parlamentario Popular, a creación dunha Subcomisión para definir a posición específica de España ante a PAC e reforzar a posición negociadora do Goberno español en Bruxelas, que obtivo o respaldo parlamentario máis amplo posible.

A proposta foi aceptada polo Presidente do Goberno e apoiada polo resto dos Grupos parlamentarios. A Subcomisión empezou os seus traballos en setembro coa comparecencia das organizacións profesionais agrarias e entidades representativas do sector e presentou as súas conclusións o 13 de Novembro, xusto unha semana antes de que a Comisión Europea adoptase os acordos para revisar os mecanismos de funcionamento da PAC.

Con todo, as conclusións aprobadas pola Subcomisión supón a aceptación do aumento da Modulación por encima dos niveis actuais do 5% ao 10% en 2012 e do aumento lineal da cota de produción láctea proposto pola UE para o conxunto comunitario, sen ter en conta a situación de países deficitarios como España.

Así, nun momento en que a UE ten que revisar a orientación da PAC para asegurar a subministración agroalimentaria, resulta contraditorio ter que aumentar a Modulación que é un recorte de rendas para produtores agrarios, o que desincentivará aínda máis a produción.

Á súa vez, o aumento lineal da cota de produción láctea igual para todos, elevará a produción excedentaria de países que teñen cubertas as súas necesidades e non aliviará a situación dos países deficitarios, como é o caso de España que ten que importar ao redor de tres millóns de toneladas anuais, o que vén representar aproximadamente o 50% da nosa cota de produción láctea.

Considerando as consecuencias negativas para o sector agrario español que terán estas propostas, o Grupo Municipal Popular somete á consideración do Pleno a aprobación da seguinte

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO.-** O Concello de Cervo manifesta a súa total oposición a calquera aumento da Modulación respecto dos niveis actuais do 5%.

**SEGUNDO.-** Insta ao Goberno central para que acepte o aumento da cota de produción láctea proposto pola UE para o conxunto comunitario, sempre que sexa asimétrico e, deste xeito, non se vexan prexudicados os intereses de países deficitarios como España.

**TERCEIRO.-** Dar traslado destes acordos aos Portavoces Parlamentarios no Congreso, así como á Ministra de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño.

En Cervo, a 10 de decembro de 2008. O Concelleiro do Partido Popular  
Asdo.: Jose Manuel Balseiro Orol”

Consta no expediente o dictame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno do pasado día 29 de xaneiro de 2009:

**“DICTAME:**

PP: favorable

PSOE: abstención, pronunciarase no Pleno

BNG: abstención, pronunciarase no Pleno

Xa que logo, queda dictaminado favorablemente, sistema voto ponderado, a moción sobre a revisión da Política Agraria Común – PAC - .”

O Sr. alcalde – presidente, don Alfonso Villares Bermúdez, dálle a palabra á voceira do Partido Socialista, dona Lara Méndez López, dando así comezo ó debate deste punto da orde do día.

Esta concelleira di que se trata dunha moción tipo, presentada en tódolos Concellos e que está fóra de contexto porque a revisión xa foi aprobada no mes de novembro e agora non ten sentido.

Afirma tamén que obedece ós dictados de Xénova e que non redunda nun beneficio para os galegos.

Sendo as 11:50 horas, auséntase do Salón de Plenos, don José Ramón González Basanta.

Dona Lara Méndez acaba dicindo que poderían pretender manipular ós veciños pero que só se podería entender a presentación desta moción en clave electoralista.

A Presidencia di que se o acordo está pechado ven a darlle a razón sobre a necesidade de presentar esta moción porque demostra que a xestión da ministra de Agricultura foi pésima para Galicia porque hai menos axudas para os gandeiros, máis desequilibrio na cota láctea con respecto a Francia e Alemania.

Dille que se está de acordo con iso, votará en contra pero se defende ó poucos veciños de Cervo que teñen explotación gandeira, terá que votar a favor.



Neste intre volve ó Salón de Plenos don José Ramón González Basanta, do Partido Socialista cando son as 11:55 horas.

Acaba o Sr. Balseiro dicindo que non se trata dunha moción oportunista, nin fóra de lugar, nin fóra de contexto.

Asegura que hai algún sindicato que ten máis da ala socialista que da popular que está reivindicando o mesmo.

Remata dicindo que nos últimos catro anos pecharon máis de tres mil explotacións gandeiras en Galicia co bipartito e esa é unha realidade.

Don Alfonso Villares vólvelle a dar a palabra a dona Lara Méndez.

A concelleira socialista dille ó Sr. Balseiro que cando o Partido Popular está nos lugares e teñen a opción de tomar decisións, non fan nada e logo afirma que o Partido Socialista foi o único que estaba a favor da implantación do sistema de cotas. Di que o Partido Popular estivo en contra e que fai catro anos, previo ás eleccións municipais tamén estiveron en contra e criticaron a reforma que quixo facer a Ministra Elena Espinosa reservando a cota do 80% para as Comunidades Autónomas.

Asegura que nese momento estiveron en contra porque consideraban que beneficiaba a Galicia e di que lle chamaban a cota dos galegos.

Continúa dicindo tamén que se alguén se preocupou foi dona Elena Espinosa porque coñecía ben a realidade galega.

Afirma que a maioría dos agricultores galegos están exentos de modulación, en torno ó 82%.

Remata dicindo que está fóra de lugar porque xa se está a traballar neste tema e xa se están levando a cabo medidas e acusa ós membros do Partido Popular de estar ancorados no pasado.

O Sr. alcalde – presidente concédelle a palabra a don José Manuel Balseiro.

O concelleiro do Partido Popular di que a voceira socialista di que o Partido Socialista está a traballar sempre. Que dixo que tiñan plans.

O Sr. Balseiro di que dos plans non se vive, que se vive do que se fai e pregúntalle á concelleira do PSdG-PSOE se o leite vale máis agora ou antes e pregúntalle polo prezo da carne.

Dille que non debería falar da cota cando no 2015 desaparece e pregúntalle tamén polos investimentos dos galegos que compraron cotas porque algún agora vai quedar arruinado coa súa decisión.

Lembra que antes había unha cota que se podía vender e agora queda a cota a cero pero os investimentos están feitos.

De seguido fai mención á publicación do diario ABC sobre os gastos do goberno da Xunta de Galicia: 4 millóns de euros en reformas de dúas salas, tres millóns de euros en reformar unha ala dun edificio, o custo do vehículo do Sr. Touriño que supera ó do Presidente dos Estados Unidos.

Afirma que o Partido Socialista é un perigo no goberno.

Unha vez finalizado o debate, o Sr. alcalde - presidente, somete a votación da moción sobre a revisión da política agraria común (PAC), obténdose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 6 do PP: don Alfonso Villares Bermúdez,, don José Manuel Balseiro Orol, don Antonio Basanta Fernández, dona María Concepción Pilar Armada Carrete, dona María Consolación Gallego Prieto e dona Yolanda Pedreira Cruz.

VOTOS EN CONTRA: 4 do PSOE: dona Lara Méndez López, dona Beatriz Vázquez Monroy, don José Ramón González Basanta e don Baldomero Iglesias Isla.

ABSTENCIÓNS: Ningunha.

Polo tanto, queda aprobado, pola maioría absoluta dos membros presentes que compoñen a Corporación, o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- O Concello de Cervo manifesta a súa total oposición a calquera aumento da Modulación respecto dos niveis actuais do 5%.

SEGUNDO.- Insta ao Goberno Central para que acepte o aumento da cota de produción láctea proposto pola UE para o conxunto comunitario, sempre que sexa asimétrico e, deste xeito, non se vexan prexudicados os intereses de países deficitarios como España.

TERCEIRO.- Dar traslado destes acordos aos Portavoces Parlamentarios no Congreso, así como á Ministra de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño

### **MOCIÓN EN APOIO DOS DAMNIFICADOS POLO TEMPORAL DE VENTO E INSTANDO Á COMPENSACIÓN DOS DANOS PRODUCIDOS**

De seguido o Sr. alcalde – presidente anuncia a existencia dunha moción de urxencia presentada polo grupo municipal do Partido Popular referida ós danos producidos polo temporal de vento dos pasados días.

A voceira do grupo municipal socialista pide un tempo para poder examinar dita moción, polo que se fai un receso cando son as 12:02 horas.

Sendo as 12:08 horas prosegue a sesión sen a presenza da concelleira do Partido Popular, dona Consolación Gallego Prieto.

O Sr. alcalde somete a votación a inclusión da moción na orde do día, obténdose o seguinte resultado.

VOTOS A FAVOR: 9: 5 do PP: don Alfonso Villares Bermúdez,, don José Manuel Balseiro Orol, don Antonio Basanta Fernández, dona María Concepción Pilar Armada Carrete e dona Yolanda Pedreira Cruz e 4 do PSOE: dona Lara Méndez López, dona Beatriz Vázquez Monroy, don José Ramón González Basanta e don Baldomero Iglesias Isla.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Ningunha.

Polo tanto, queda aprobada, por unanimidade dos membros presentes que compoñen a Corporación, a inclusión da moción de urxencia na orde do día.

Neste intre cando son as 12:10 horas incorpórase dona Consolación Gallego Prieto, concelleira do Partido Popular.

Por orde da Alcaldía, don José Manuel Balseiro Orol deu lectura á moción presentada polo grupo municipal popular:

**“O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR** no Concello de Cervo a través do seu concelleiro JOSE MANUEL BALSEIRO OROL en base á lexislación vixente, presenta a seguinte

## **MOCIÓN EN APOIO DOS DAMNIFICADOS POLO TEMPORAL DE VENTO E INSTANDO Á COMPENSACIÓN DOS DANOS PRODUCIDOS**

Que se fundamenta na seguinte

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Os concellos da Mariña lucense constituíron entre os días 23, 24 e 25 de xaneiro de 2009 o epicentro dun temporal de enormes dimensións que ocasionou unha multitude de danos.

Ventos que se aproximaron aos 200 quilómetros por hora devastaron vivendas, vehículos, instalacións e todo tipo de infraestruturas. A caída de árbores, de sinais, de material de construción, de mobiliario público e o desprendemento de pezas de fachadas, forman parte dunha multitude de incidencias que, cuantificadas dun xeito preliminar, arrojan un resultado tremendamente negativo.

Os devanditos imprevistos víronse agudizados polo feito de que o subministro eléctrico e telefónico –tanto da rede móbil como da rede fixa- estivo interrompido. O corte destes servizos afectou á totalidade dos concellos das bisbarras mariñás e prolongouse por máis de 48 horas en gran parte do territorio, o que veu a multiplicar o reconto de perdas.

Xunto a todo iso, deben terse en conta os importantes danos rexistrados nunha multitude de infraestruturas de interese xeral, vías de comunicación e edificacións de uso e servizo público nos que urxe a inmediata reparación. Tamén deberan computarse os múltiples gastos nos que incorreron as distintas administracións locais co obxecto de paliar e superar as diversas situacións de emerxencia de natureza catastrófica que aconteceron.

Ao amplo balance de danos materiais- sen precedentes na historia recente de Galicia- engádeselle finalmente tráxicas consecuencias ltuosas. Todo iso despois de ter constancia do falecemento de varias persoas que perderon a súa vida por causas diversas relacionadas de xeito directo ou indirecto co temporal.

Contabilízase tamén decenas de persoas feridas, moitas delas traballadoras e traballadores do servizos de emerxencia, que desenvolveron unha actividade exemplar e abnegada no transcurso dos tres días de maior virulencia o temporal. Ao longo destas xornadas deron boa mostra do seu compromiso de servizo público, o que merece o correspondente recoñecemento e agradecemento do conxunto da sociedade civil.

Por outra banda, cabe salientar que a normativa actual, ademais de establecer accións preventivas ante este tipo de incidencias, regula as actuacións que se deben desenvolver *a posteriori* co obxecto de garantir a protección e socorro das persoas e dos bens afectados por situación de índole catastrófica.

Neste marco protector reside a conveniencia de artellar un sistema de axudas paliativas e outros mecanismos dirixidos a compensar as situacións de necesidade na que se

poden atopar familias, colectivos, empresas e institucións que están a sufrir as consecuencias dos feitos que desencadearon a situación de emerxencia.

Para a realización de canto antecede, en cada exercicio, os Orzamentos Xerais do Estado e os da Comunidade Autónoma galega veñen consignando determinados créditos. Ao mesmo tempo, existen precedentes de axudas directas, que deben basearse nos principios de celeridade e eficacia, coas que a Xunta busca compensar os innumerables danos provocados dun xeito inmediato.

A natureza dos danos producidos, así como o temporal de vento que desencadeou a situación descrita implica, con alto grado de probabilidade, que as indemnizacións sobre aqueles bens asegurados correrá a cargo do consorcio de compensación de seguros. Malia confianza que ofrece este instrumento, o certo é que cabe esperar que as distintas administracións poidan implicarse na tarefa de evitar o retraso no aboamento final das indemnizacións, así como tamén, no obxecto de superar as dificultades derivadas dos complexos requisitos burocráticos e procedimentais que este tipo de reclamacións implican.

En definitiva, é necesario promover un forte compromiso das distintas administracións públicas –de xeito especial á Xunta de Galicia e ao Goberno central- para contribuír a superar as graves consecuencias deste temporal. Como consecuencia de todo isto, están a verse afectadas de forma máis que evidente as condicións de vida das persoas que residen nos distintos concellos da Mariña lucense, así como tamén, a situación actual leva un prexuízo máis que evidente que se engade á xa de por si delicada situación económica destas bisbarras, que non son alleas ao contexto xeral de crise.

É polo que, o Grupo Municipal Popular somete á consideración do Pleno a aprobación da seguinte

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO.-** Solicitar tanto á Xunta de Galicia como ao Goberno central que aproben unha partida orzamentaria extraordinaria para **compensar de xeito inmediato os innumerables danos que causou o temporal** de vento na Mariña lucense, así como tamén os gastos nos que incorreron as administracións locais co obxecto de paliar as situacións de emerxencia que se produciron.

**SEGUNDO.-** Solicitar ao Goberno central que promova un acordo do Consello de Ministros polo que se **declare como zona catastrófica o conxunto dos concellos da Mariña lucense**, de tal xeito que as persoas, entidades e concellos que se viron damnificados por esta situación de calamidade pública reciban as axudas económicas correspondentes para paliar os danos rexistrados nos seus bens.

**TERCEIRO.-** Que a Xunta de Galicia habilite os **medios técnicos e humanos correspondentes**, a título individual ou en concorrencia con outras administracións, para **facilitar e colaborar en todos os procedementos de reclamación** extraxudicial polos danos e prexuízos ocasionados polo temporal.

CUARTO.- Que a Xunta de Galicia elabore **un cronograma de actuacións**, con prazos e datas determinadas, para que os distintos concellos afectados dean conta das valoracións de danos producidos, así como tamén poña a disposición destas entidades locais afectadas os medios técnicos necesarios para **colaborar nos procesos de cuantificación de perdas**.

QUINTO.- Dar traslado do presente acordo, ao Presidente da Xunta de Galicia e do Goberno de España, así como tamén ao conxunto dos Grupos políticos integrantes do Parlamento de Galicia e das Cortes Xerais.

En Cervo, a 28 de xaneiro de 2009. O Concelleiro do Partido Popular Asdo.: Jose Manuel Balseiro Orol”

O Sr. alcalde – presidente, don Alfonso Villares Bermúdez, dálle a palabra á voceira do grupo municipal socialista, dona Lara Méndez López, dando así comezo ó debate deste punto da orde do día.

Dona Lara Méndez di que se fixo un gran traballo por parte dos membros de Protección Civil, da Garda Civil e mesmo de voluntarios.

Lembra que na Comisión Informativa de Asuntos do Pleno preguntaron polos traballos que se están a facer e manifestaron a súa opinión favorable á creación da oficina de información ós veciños.

Refírese ó primeiro punto do acordo da moción sobre a solicitude dunha partida extraordinaria e di que xa é unha realidade xa que saíu publicada no DOG unha Orde que foi aprobada polo Consello da Xunta.

Continúa referíndose ó segundo punto sobre a declaración de zona catastrófica, afirmando que nun Decreto do ano 2005 esa figura xa non existe como tal e opina que hai que poñer medidas enriba da mesa pero que desexan que non supoñan un agravio para as arcas municipais e a ver si se poden incluír nas axudas que se poden pedir.

Remata a súa primeira intervención dicindo que está a favor no fondo das cuestións pero que agora esta moción parécelle que é facer propaganda electoralista.

O Sr. alcalde – presidente deulle a palabra ó voceiro do Partido Popular, don José Manuel Balseiro Orol.

Comeza agradecendo a visita do Presidente da Xunta de Galicia a este Concello e de seguido afirma que do que dixo que ía facer, aínda non se fixo nada.

Di que non sabe se o temporal sabía que están en eleccións en Galicia e que o Partido Socialista non está lexitimado para dicir que se está a facer política electoral dunha desgracia porque foron os que o fixeron cando foi do “Prestige” e daquela non houbo mortos e en lugar de estar a carón dos veciños o que fixeron foi presentar mocións de censura no Parlamento de Galicia.

Afirma que ós quince días de producirse o problema, 27000 familias galegas estaban cobrando as axudas e agora o que fan é dicir que se informa.

Di que é falso que o goberno de Galicia sacase unha orde o 30 de xaneiro porque foi un Decreto e as Ordes son as que hai que sacar e que ningún veciño pode cobrar mentres non saian publicadas no DOG.

Continúa dicindo que o Decreto é o mesmo que se sacou polas riadas e polos incendios e aínda hai veciños que non cobraron.

Asegura que tal e como o están a facer pode haber veciños que teñan que presentar cinco ou seis reclamacións por unha cousa.

Recorda que o Decreto do ano 2005 está derogado por outro do ano 2007 e segundo ese Decreto o lugar de presentación das reclamacións é na Delegación do Goberno ou nas Subdelegacións e os Concellos teñen que facer o que as Administracións competentes non saben facer.

Afirma que 17 millóns de euros chegan a pouco máis que para o danos producidos no Concello de Cervo e aprobárono para toda Galicia.

De seguido preguntalles ós concelleiros do Partido Socialista se están de acordo con declarar zona catastrófica ou non porque iso suporía que os veciños cobrasen o 100% das axudas, independentemente de que despois sexa a propia Administración a que reclame ó consorcio.

Remata dicindo que non hai consignación e que os veciños non saben a quen lle teñen que reclamar e sinala que poderían chegar a un acordo para que apoiem esta moción.

Don Alfonso Villares Bermúdez, alcalde – presidente, da comezo á segunda rolda de intervencións dándolle a palabra a dona Lara Méndez López.

Esta concelleira di que non se pode facer unha comparación entre o “Prestige” e o temporal porque no primeiro caso o Presidente da Xunta estivo de caza e agora estivo aquí e o Conselleiro da Presidencia tamén estivo aquí.

Asegura que o que dixo o Presidente da Xunta en Sargadelos foi o que ía aprobar o Consello da Xunta e o día 30 estivo feito.

Lémbralle ó concelleiro do Partido Popular que non pasaron quince días, senón unha semana, que son oito e solicita que isto conste en acta.

Continúa dicindo que non mirou todo o que recolle o Decreto e que ó mellor é necesario ampliálo pero que segue afirmando que esta moción é oportunista; que antes estiveron xuntos e que non faláron de consensuala e ademais que lles falta a primeira vez de que se lles comunique que hai unha moción de urxencia. Di que non teñen esa vontade política porque tiveron unha semana para facelo.

Repite que o Presidente da Xunta de Galicia en catro días aprobou un Decreto despois de estar “in situ” no lugar dos danos.

Pola Presidencia pásaselle a palabra a don José Manuel Balseiro.

O voceiro do Partido Popular di que o compromiso do Presidente da Xunta de Galicia foi de que ía mandar a unha empresa especializada e nestes intreos as árbores están igual.

Interrompe dona Lara Méndez a exposición do concelleiro popular para dicir que o afirmado polo Presidente da Xunta de Galicia non foi iso.

Don José Manuel Balseiro di que a concelleira foi a que falou do que dixo o Presidente da Xunta en Sargadelos e que conste en acta.

Segue coa súa exposición afirmando que non fai falla ir a Sargadelos; que tan só é necesario ir pola estrada da Deputación con cables eléctricos tirados polo solo; neste Concello e fóra deste Concello.

Di que agradece a vista do Presidente da Xunta pero que traía consigo máis xente que houbo dos traballadores da Xunta traballando cando foi o temporal.

Afirma que a realidade é que moito do que se fixo tiverono que facer os Concellos porque a Administración Autonómica e a Provincial, que tamén ten competencias, non están nin se lles espera de momento.

Dona Lara Méndez López afirma que o Presidente da Deputación estivo.

Don José Manuel Balseiro continúa dicindo que todo iso non serve para nada porque o que hai que facer é arranxar os problemas.

Volve a preguntar se están de acordo en que se lles pague ós veciños inmediatamente ou non e di que se están de acordo, deberían votar a favor desta moción.

De seguido deu lectura ó acordo da moción:

“PRIMEIRO.- Solicitar tanto á Xunta de Galicia como ao Goberno central que aproben unha partida orzamentaria extraordinaria para **compensar de xeito inmediato os innumerables danos que causou o temporal** de vento na Mariña lucense, así como tamén os gastos nos que incorreran as administracións locais co obxecto de paliar as situacións de emerxencia que se produciron.

SEGUNDO.- Solicitar ao Goberno central que promova un acordo do Consello de Ministros polo que se **declare como zona catastrófica o conxunto dos concellos da Mariña lucense**, de tal xeito que as persoas, entidades e concellos que se viron damnificados por esta situación de calamidade pública reciban as axudas económicas correspondentes para paliar os danos rexistrados nos seus bens.

TERCEIRO.- Que a Xunta de Galicia habilite os **medios técnicos e humanos correspondentes**, a título individual ou en concorrencia con outras administracións, para **facilitar e colaborar en todos os procedementos de reclamación** extraxudicial polos danos e prexuízos ocasionados polo temporal.

CUARTO.- Que a Xunta de Galicia elabore **un cronograma de actuacións**, con prazos e datas determinadas, para que os distintos concellos afectados dean conta das valoracións de danos producidos, así como tamén poña a disposición destas entidades locais afectadas os medios técnicos necesarios para **colaborar nos procesos de cuantificación de perdas**.

QUINTO.- Dar traslado do presente acordo, ao Presidente da Xunta de Galicia e do Goberno de España, así como tamén ao conxunto dos Grupos políticos integrantes do Parlamento de Galicia e das Cortes Xerais.”

Repite a pregunta de se están de acordo ou non con isto e afirma que se non están de acordo, non están defendendo os intereses dos veciños de Cervo.

Pregunta si a solución é o Decreto porque só se sabe a contía de 17 millóns de euros que, repite, pouco mais chega que para este Concello.

Pregúntalles tamén qué lles din ós veciños.

Pídelles que sexan respectuosos cos veciños porque o noso Concello foi en Galicia o que máis mortos tivo e iso require como mínimo un respecto e o seu apoio.

A concelleira do PSdG-PSOE pregunta quen lles faltou ó respecto ó que lle contesta o Sr. Balseiro que foi ela ó non apoiar este acordo.

Toma a palabra o Sr. alcalde – presidente e di que o seu desexo é intervir para manifestar unhas cuestións que desexa que consten en acta.

Di que o día anterior, vendo as crónicas da “Voz de Galicia”, o Sr. Blanco dicía que poñía unha serie de cuestións en interrogantes.

Don Alfonso Villares di que se estivesemos noutro lugar coma Cataluña, o exército estaría aquí e que esa é a realidade.

Lembra que durante estes días os veciños fixeron o que puideron, que durante dous días houbo falla de comunicación telefónica, que non se podía chamar ó 112 e se chamabas as liñas estaban saturadas.

Afirma que houbo unha falta total de coordinación e de asistencia, falta de presenza da Xunta de Galicia e que a única resposta foi as queixas ás eléctricas.

Di que o peor foron os falecementos pero que o pasado venres aínda había xente neste Concello sen luz e que isto foi así pola ausencia absoluta do goberno de Galicia.

Pide que veñan rápido as axudas, que sexan do 100% e para tódolos veciños afectados.

Di que en Cervo non se abriu ningunha oficina, tan só a do Concello e que o único que se fixo foi a través do consorcio e esa é a única axuda real que hai nestes intres.

Opina que cobrar o 100% das axudas é algo que é lexítimo.

Lembra tamén que esta moción estivo rexistrada no Rexistro de Entrada deste Concello desde o pasado día 28 de xaneiro e tiveron acceso ó Rexistro tódolos concelleiros.

Remata a súa intervención dicindo que o feito de aprobar a proposta é para que as axudas veñan rápido.

Unha vez finalizado o debate, o Sr. alcalde - presidente, somete a votación a moción urxente en apoio dos damnificados polo temporal de vento, obténdose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 6 do PP: don Alfonso Villares Bermúdez,, don José Manuel Balseiro Orol, don Antonio Basanta Fernández, dona María Concepción Pilar Armada Carrete, dona María Consolación Gallego Prieto e dona Yolanda Pedreira Cruz.

VOTOS EN CONTRA: 4 do PSOE: dona Lara Méndez López, dona Beatriz Vázquez Monroy, don José Ramón González Basanta e don Baldomero Iglesias Isla.

ABSTENCIÓNS: Ningunha.

Polo tanto, queda aprobado, pola maioría absoluta dos membros presentes que compoñen a Corporación, o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Solicitar tanto á Xunta de Galicia como ao Goberno central que aproben unha partida orzamentaria extraordinaria para **compensar de xeito inmediato os innumerables danos que causou o temporal** de vento na Mariña lucense, así como tamén os gastos nos que incorreron as administracións locais co obxecto de paliar as situacións de emerxencia que se produciron.

SEGUNDO.- Solicitar ao Goberno central que promova un acordo do Consello de Ministros polo que se **declare como zona catastrófica o conxunto dos concellos da Mariña lucense**, de tal xeito que as persoas, entidades e concellos que se viron damnificados por esta situación de calamidade pública reciban as axudas económicas correspondentes para paliar os danos rexistrados nos seus bens.

TERCEIRO.- Que a Xunta de Galicia habilite os **medios técnicos e humanos correspondentes**, a título individual ou en concorrencia con outras administracións, para **facilitar e colaborar en todos os procedementos de reclamación** extraxudicial polos danos e prexuízos ocasionados polo temporal.

CUARTO.- Que a Xunta de Galicia elabore **un cronograma de actuacións**, con prazos e datas determinadas, para que os distintos concellos afectados dean conta das valoracións de danos producidos, así como tamén poña a disposición destas entidades locais afectadas os medios técnicos necesarios para **colaborar nos procesos de cuantificación de perdas**.



QUINTO.- Dar traslado do presente acordo, ao Presidente da Xunta de Galicia e do Goberno de España, así como tamén ao conxunto dos Grupos políticos integrantes do Parlamento de Galicia e das Cortes Xerais.

### **8.- COMUNICADOS OFICIAIS**

Por orde do señor alcalde, a secretaria accidental dá conta dos seguintes comunicados oficiais:

- Escrito do Servicio de Costas de Lugo, rexistrado de entrada co núm. 5645 do 20 de novembro de 2008, relativo á substitución da barandilla do paseo de Cubelas – Caosa.

- Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Vivenda e Solo, rexistrado de entrada co núm. 5666 do día 24 de novembro de 2008, remitindo a lista definitiva de adxudicatarios de 15 vivendas de promoción pública en Río Cobo.

- Escrito da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño, rexistrado de entrada co núm. 5539 do día 13 de novembro de 2008, relativo ás consultas previas para a avaliación ambiental do “Plan Sectorial de Transporte Marítimo e Portos”.

- Escrito do Instituto Galego da Vivenda e Solo, rexistrado de entrada co núm. 5535 do día 13 de novembro de 2008, relativo ó Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia. Parque Empresarial de Xove – Cervo.

- Publicación no BOP núm. 281 do día 5 de decembro de 2008, do anuncio de cobranza do Imposto sobre Actividades Económicas do ano 2008.

- Escrito do Instituto Nacional de Estatística, rexistrado de entrada co núm. 5917 do día 5 de decembro de 2008, comunicando a proposta de poboación que se elevarán ó Goberno.

- Escrito da FEGAMP, rexistrado de entrada co núm. 6072 do día 16 de decembro de 2008, solicitando información sobre a existencia dalgún servizo municipal de atención ou asesoramento ás persoas inmigrantes.

- Escrito da Audiencia Provincial de Lugo, rexistrado de entrada co núm. 6136 do día 19 de decembro de 2008, achegando a lista definitiva de candidatos a xurados que estará vixente ata o 31 de decembro de 2010, para a súa exposición pública.

- Escrito da FEGAMP, rexistrado de entrada co núm. 6100 do día 17 de decembro de 2008, comunicando a sinatura do novo Convenio do grupo estable do GRUMIR para o ano 2009.

### **9.- DACIÓN DE CONTA DE ACORDOS E RESOLUCIÓNS**

A secretaria accidental informa ao Pleno da Corporación das Resolucións da Alcaldía dictadas dende a última sesión plenaria ordinaria (da núm. 220/08 á 21/09).

### **10.- ROGOS E PREGUNTAS**

Don Alfonso Villares pregunta ós voceiros dos distintos Grupos Políticos que forman a Corporación se hai algún rogo ou pregunta que expoñer ó que responden negativamente.

O Sr. alcalde – presidente lembra que había unha pregunta do Pleno anterior sen responder porque dona Beatriz Vázquez Monroy, concelleira do Partido Socialista, preguntara polo prezo do uso do pavillón da Veiga.

Responde dona Yolanda Pedreira Cruz, concelleira do Partido Popular, que os prezos se atopan recollidos na Ordenanza Fiscal núm. 34.

Non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión ás doce horas e corenta minutos, do día dous de febreiro de dous mil nove, da cal estendo esta acta como secretaria accidental.